

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A., COA FINALIDADE DO MANTEMENTO INTEGRAL DO EQUIPAMENTO DE ALTA TECNOLOXÍA DA MARCA VARIAN.

Santiago de Compostela, na data da derradeira sinatura dixital (16 de maio de 2024)

REUNIDOS

Dunha parte, Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, en virtude de nomeamento aprobado polo Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no uso das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 136/2019 e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E doutra parte, Rocío Mosquera Álvarez, directora xerente de Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A., no exercicio das funcións que ten atribuídas no artigo 31 dos novos estatutos da sociedade, aprobados pola Xuntan Xeral de Accionistas o 8 de outubro de 2019 tralo acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29 de maio de 2019 e publicados mediante Resolución de 22 de outubro de 2019 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e na súa virtude

EXPOÑEN

I.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de sanidade, lle corresponden á Xunta de Galicia de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado por Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril. De conformidade co artigo 31 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade a dirección do Sistema Público de Saúde de Galicia, que ten entre os seus principios reitores a cooperación intersectorial, a integración funcional dos recursos apostando por fórmulas colaborativas, a calidade dos servizos e a mellora continua, así como a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do sistema e a procura da suficiencia de recursos.

Segundo o artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

II.- O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989 e adscrito á

Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así, o artigo 1 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, prevé que para o adecuado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería competente en materia de Sanidade.

O Decreto 134/2019, do 10 de outubro, polo que se se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do sistema público de saúde de Galicia, establece as sete áreas sanitarias, equivalentes ás áreas de saúde previstas na Lei 14/1986, de 25 de abril, xeral de sanidade, como estruturas organizativas sen personalidade xurídica que xestionan, con autonomía funcional e de xeito integrado a xestión dos centros, recursos sanitarios, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, nos seus respectivos ámbitos territoriais.

III.- Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., é unha empresa pública autonómica creada por Decreto 229/1994, do 14 de xullo, baixo a denominación de "Instituto Galego de Medicina Técnica S.A.".

Por Decreto 209/2008, do 28 de agosto, procedeuse á modificación da denominación e obxecto sociais, pasando a denominarse "Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.", configurándoo como medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus organismos e entidades de natureza pública, para a execución das actividades que por elas lle sexan encomendadas, dentro das materias que constitúen o seu obxecto social, estando obrigadas a realízalas de acordo coas instrucións fixadas unilateralmente polo encomendante.

A entidade instrumental ten por obxecto o desenvolvemento, execución e explotación de infraestruturas sanitarias, a prestación de servizos de consultoría no eido sanitario, así como a prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario.

En particular, constituirán parte do obxecto social as seguintes actividades: a promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación, por si mesma ou mediante terceiros, de toda clase de infraestruturas sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que esta participe, vinculadas ao ámbito sanitario; e a prestación de actividades de consultoría en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación, control de calidade e, en xeral, calquera materia relacionada co sector sanitario, especialmente no eido da alta tecnoloxía sanitaria.

IV.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario económico, ao que non son alleas as Administracións públicas, obriga a impulsar medidas relativas á xestión

eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade e minimizar custos, xestionándoos de forma mais eficiente.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, e que, neste caso, se concretan no presente convenio.

Doutra banda, a Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala no seu artigo 15.1, baixo o epígrafe "acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común" que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo "cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior".

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa orzamentaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

V.- A tecnoloxía médica é considerada coma unha das variables clave que inflúen de xeito decisivo na calidade do proceso asistencial, facilitando o diagnóstico e a terapia para garantir a asistencia sanitaria en tempo e forma. O mantemento e a actualización continua do equipamento médico e os seus compoñentes, especialmente nos equipos de alta tecnoloxía, é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o utilizan así como para acadar a súa máxima dispoñibilidade e prolongar a súa vida útil. No caso do equipamento de alta tecnoloxía, que só pode ser mantido pola súa fabricante, a marxe de negociación é escasa, polo que a contratación centralizada e por un período amplo son practicamente os únicos mecanismos para negociar mellores condicións.

Por tal motivo, as partes intervindas están interesadas en levar a cabo, a través do Servizo Galego de Saúde, a posterior licitación e contratación de ditos servizos e, para tal efecto formalizan o seguinte convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre as partes para o financiamento conxunto do mantemento integral do equipamento de alta tecnoloxía e sistemas asociados, da marca VARIAN, instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde e de "Galaria, empresa pública de servizos sanitarios S.A.". Preténdese con isto manter o dito equipamento nas condicións de seguridade e funcionalidade coas que foron deseñados polo fabricante, así como garantir o máximo tempo

de dispoñibilidade do equipamento, tratando de evitar as paradas non planificadas e acortando a duración das que cheguen a producirse, e o máximo tempo de vida útil dos sistemas.

Segunda. Organismos e entidades participantes

Os organismos e entidades participantes son os seguintes:

1.- Servizo Galego de Saúde:

- Área Sanitaria de A Coruña e Cee
- Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos
- Área Sanitaria de Santiago e Barbanza
- Área Sanitaria de Pontevedra e Salnés
- Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

2.- Galaria Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A.

Terceira. Obrigas das partes

1. O Servizo Galego de Saúde iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, e solicitando a documentación precisa que deba, con tal finalidade, aportar Galaria.

Así mesmo, actuará como órgano de contratación a Dirección Xeral de Recursos Económicos do organismo autónomo, a quen corresponderá a elaboración dos pregos e a tramitación do procedemento polo que se seleccionará á entidade encargada do mantemento integral, baixo os principios de publicidade, concorrência e eficiente utilización dos fondos públicos, de conformidade co previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Igualmente, a Dirección Xeral de Recursos Económicos formalizará o contrato de mantemento integral, de acordo co estipulado no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

2. Pola súa banda, "Galaria, empresa pública de servizos sanitarios S.A." remitirá á Dirección Xeral de Recursos Económicos os datos que se lle soliciten para os efectos de formalizar a correspondente contratación e, nomeadamente, os certificados de existencia de crédito e documentación que acredite a súa retención, coa finalidade de que nos expedientes se acredite a plena dispoñibilidade de todas as achegas.

3. A contratación levarase a cabo na modalidade prevista na cláusula sexta do presente convenio.

Cuarta. Financiamento

1. O importe da achega das respectivas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde para a execución do obxecto mencionado na cláusula primeira para o período 2024-2029, ascenderá a un máximo de catorce millóns cento sesenta e sete mil cincocentos noventa e oito euros con noventa e seis céntimos (**14.167.598,96 €**), IVE incluído, coa seguinte distribución por

anualidades:

CENTRO GESTIÓN	APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	2024 Importe sin IVA (5 meses)	2024 Importe con IVA (5 meses)	2025 Importe sin IVA (12 meses)	2025 Importe con IVA (12 meses)	2026 Importe sin IVA (12 meses)	2026 Importe con IVA (12 meses)	2027 Importe sin IVA (12 meses)	2027 Importe con IVA (12 meses)	2028 Importe sin IVA (12 meses)	2028 Importe con IVA (12 meses)	2029 Importe sin IVA (7 meses)	2029 Importe con IVA (7 meses)
ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE	1501 412A 213	178.827,95 €	216.381,82 €	429.187,08 €	519.316,37 €	429.187,08 €	519.316,37 €	429.187,08 €	519.316,37 €	429.187,08 €	519.316,37 €	250.359,13 €	302.934,55 €
ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA	1571 412A 213	306.052,95 €	370.324,08 €	734.527,08 €	888.777,76 €	734.527,08 €	888.777,76 €	734.527,08 €	888.777,76 €	734.527,08 €	888.777,76 €	428.474,13 €	518.453,70 €
ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARINA E MONTEIRO DE LEMOS	2701 412A 213	175.969,62 €	212.923,25 €	437.868,00 €	529.820,28 €	437.868,00 €	529.820,28 €	437.868,00 €	529.820,28 €	437.868,00 €	529.820,28 €	255.423,00 €	309.061,84 €
ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS	3201 412A 213	161.082,93 €	194.910,34 €	421.199,04 €	509.650,84 €	421.199,04 €	509.650,84 €	421.199,04 €	509.650,84 €	421.199,04 €	509.650,84 €	245.699,44 €	297.296,31 €
ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS	3603 412A 213	31.250,00 €	37.812,50 €	75.198,96 €	90.990,74 €	421.199,04 €	509.650,84 €	421.199,04 €	509.650,84 €	421.199,04 €	509.650,84 €	245.699,44 €	297.296,31 €

2. O importe da achega de “Galaria Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A.” para a execución do obxecto mencionado na cláusula primeira para o período 2024-2029, ascenderá a un máximo de catro millóns douscentos setenta e tres mil novecentos cincuenta e un euros con oitenta e dous céntimos **(4.273.951,82 €)**, IVE incluído, coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO GESTIÓN	2024 Importe sin IVA (5 meses)	2024 Importe con IVA (5 meses)	2025 Importe sin IVA (12 meses)	2025 Importe con IVA (12 meses)	2026 Importe sin IVA (12 meses)	2026 Importe con IVA (12 meses)	2027 Importe sin IVA (12 meses)	2027 Importe con IVA (12 meses)	2028 Importe sin IVA (12 meses)	2028 Importe con IVA (12 meses)	2029 Importe sin IVA (7 meses)	2029 Importe con IVA (7 meses)
GALARIA	294.349,30 €	356.162,66 €	706.438,32 €	854.790,36 €	706.438,32 €	854.790,36 €	706.438,32 €	854.790,36 €	706.438,32 €	854.790,36 €	412.089,02 €	498.627,72 €

Quinta. Compromisos a desenvolver

A Unidade administrativa xestora do procedemento de contratación será o Servizo de Contratación (Subdirección Xeral de Compras e Servizos) sendo o órgano de contratación a Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde, a través do que se canalizará tamén o financiamento correspondente aos centros de gasto do Servizo Galego de Saúde.

“Galaria Empresa Publica de Servizos Sanitarios S.A.” comprométese a achegar o financiamento previsto nas condicións e prazos indicados na cláusula cuarta do presente convenio.

Sexta. Expediente de contratación

O procedemento de contratación que se tramite como consecuencia do presente convenio tipificarase como contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, conforme ao previsto nos artigos 17, 19 e 22 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público. Para a adxudicación da contratación aplicarase o procedemento negociado previsto no apartado a) 2º do artigo 168 da citada Lei 9/2017, por non existir competencia por razóns técnicas, e o expediente tramitarase de forma ordinaria. A contratación estruturarase nun lote único.

O orzamento base de licitación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, será o seguinte:

Orzamento base de negociación sen IVE	IVE	Orzamento base de negociación con IVE
15.240.951,07 €	3.200.599,71 €	18.441.550,78 €

O valor máximo estimado do contrato derivado do expediente de contratación, para os efectos do establecido no artigo 101 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, será de:

Concepto	Importe
Contrato inicial (5 años)	15.240.951,07 €
Modificación (20% del importe del contrato inicial)	3.048.190,21 €
Total valor estimado	18.289.141,28 €

No expediente de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas mediante a incorporación deste convenio, así como os certificados de existencia de crédito e a documentación correspondente que acredite a súa retención, ou documentos que legalmente os substitúan, sen que sexa preciso a formalización de garantías entre as entidades do sector público participantes.

A Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde actuará no expediente de contratación e na execución do contrato en nome e por conta das partes participantes neste convenio e poderá exercer todas as potestades que a lexislación lle reconece ao órgano de contratación fronte ao contratista, sen prexuízo da adecuada coordinación nas relacións internas coas demais entidades participantes.

Sétima. Modalidade de actuación no financiamento conxunto

A modalidade de actuación no financiamento conxunto que se aplica neste convenio é a denominada concorrencia subxectiva na posición do contratante, prevista no artigo 16 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

As partes asinantes quedarán obrigadas respecto do contratista, concorrendo á cotitularidade do contrato, e serán responsables directas cada unha delas da obriga de pagamento das cantidades comprometidas na cláusula cuarta.

Cada participante deste convenio será responsable de aboarlle, ao contratista do contrato que se subscriba as contraprestacións correspondentes nos termos que se establezan no contrato e segundo o prezo acordado.

Polo tanto, cada parte deste convenio deberá aboarlle ao contratista soamente a súa parte e non será responsable do aboamento da outra parte. Esta cuestión deberá constar expresamente nos correspondentes pregos da licitación.

Oitava. Participación conxunta

Na elaboración dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou proxectos participarán conxuntamente as partes asinantes, de xeito que o contrato resultante poida satisfacer axeitadamente as necesidades que se pretenden cubrir.

Novena. Vixencia

Este convenio producirá os seus efectos a partires da data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o momento que se extinga o contrato previsto, en todo caso ata o 31 de xullo de 2029, sen prexuízo das posibles prórrogas que se acorden e instrumente a través dunha addenda a este Convenio na que se fixará a prórroga e os correlativos compromisos das partes.

Décima. Modificación

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación a través das correspondentes addendas ao mesmo.

De acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Undécima. Comisión de seguimento

1. Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio, formada por dous representantes designados por cada unha das partes asinantes, que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

2. Esta comisión estará presidida pola persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde ou persoa na que delegue.

3. Serán funcións da comisión de seguimento as seguintes:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren necesarias para tal fin.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Décimo segunda. Publicidade e transparencia

1. Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2. De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts. 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos os datos e calquera outras especificacións referidos ao presente convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste convenio de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

Décimo terceira. Protección de Datos de Carácter Persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta. Réxime xurídico e resolución de conflitos

1. Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, e rexerase pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, pola lexislación en materia de contratos do sector público e polas demais normas de aplicación.

2. As discrepancias que poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

E en proba de conformidade co exposto, asinan este convenio no lugar e data sinalados.

Polo Servizo Galego de Saúde

Por “Galaria, Empresa Pública
de Servizos Sanitarios, S.A”

Antonio Gómez Caamaño

Rocío Mosquera Álvarez